

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Antes de comezar co proxecto traballamos os calendarios do mes de maio como todos os días.

Proxecto “Coñecendo aos animais mariños”: continuamos investigando un pouco máis sobre as “medusas” e para saber máis sobre estes animais miramos os seguintes vídeos “Alex, dibujos educativos preescolar: MEDUSAS” (<https://youtu.be/PII74BHX1u0>) e “La Eduteca- Esponjas, medusas y gusanos” (<https://youtu.be/4SAff-kyzc>).

Unha vez finalizado de ver os vídeos facemos a seguinte ficha onde temos que contestar as tres enquisas: **de que cor é a medusa?** (@s nen@s fan un debuxo dunha medusa e a colorean da cor indicada), **que come?** (debuxan os alimentos que come a medusa) e **como se reproduce?** (queremos saber se é un animal ovíparo ou vivíparo, e pódeno representar a través dun debuxo ou escribindo).


Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.

<p>· DE QUE COR É?</p> <input type="text"/>
<p>· QUE COME?</p> <input type="text"/>
<p>· COMO SE REPRODUCE?</p> <input type="text"/>

Lóxica- matemática: continuamos traballando os números. Primeiro @s nen@s teñen que recortar cadrados de diversas cores e despois teñen que pegar tantos cadrados como indica cada número.



Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.



Lectoescritura: esta semana estamos a traballar a letra “M”, déixovos o vídeo da señora M da montaña para que lembredes a súa historia (<https://youtu.be/3sFsoobvEtw>).


Continuamos coa nosa “caixa das letras”. Hoxe debuxamos nun folio a letra M e pegámola na caixa, despois teñen que buscar pola casa obxectos que comezan por esa letra e metelas na caixa.

Eu xa fixen a miña caixa da letra “M” (mando, macarróns, madeira, mazá, medalla, mapa, mexillóns, mantel e moedas). Envíovos a miña foto.



Canción: hoxe imos mover o esqueleto coa seguinte canción “La medusa.Canciones infantiles” (<https://youtu.be/MXDTGO-yBpl>). Cantas máis persoas sexades mellor pasarédelo.

Especialistas: lembravos que os mércores visítanos o mestre de relixión (José Ramón) e os xoves a mestra de lingua estranxeira (Noelia), non esquezades de realizar algunhas das actividades que eles vos propoñen. Os alumn@s que non traballan co mestre de relixión poden acceder ás actividades que se atopan na marxe dereita no apartado de alternativa.



The screenshot shows a Moodle course page for 'Entenza'. The main content area displays a post titled '3º TRIMESTRE. ACTIVIDADE 7' with the following text: 'Oia familias: Aquí estou de novo como todos os mércores, con novas actividades para estes días (espero que vos gusten). Lémbrovos que o venres non imos publicar ningunha proposta porque é día festivo e o luns tampouco porque é día non lectivo no noso centro. Gozade moito da fin de semana!!! Mándovos un bico enorme!!!'. Below this, under 'OS NOSOS TRABALLOS', it says: 'Moitas grazas polas vosas fotos Noa e Ana!!! Estades traballando moito!!! Mándovos moitos bicos!!!'. On the right side, there are two menus: 'As Nosas Aulas' and 'ESPECIALIDADES'. The 'ESPECIALIDADES' menu has three arrows pointing to it from the right, indicating the location of alternative activities.

Conto: a miña proposta de hoxe é mirar o conto “¡Voy a comedte!” da editorial Kokinos (<https://youtu.be/BDM9Pch35hw>)

Ao rematar podeades facer un debuxo (deixo o modelo no outro documento).

